

Concello de Covelo

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

OFERTA E SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE 4 PRAZAS DE PERSOAL LABORAL DE DURACIÓN DETERMINADA, PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS MEDIANTE A ACTUACIÓN DUNHA BRIGADA PARA A CAMPAÑA DO ANO 2022.

O obxecto da convocatoria é a cobertura de 4 prazas que formarán unha brigada para a prevención e defensa contra incendios forestais do ano 2022, contratacións financiadas pola Consellería do Medio Rural, segundo Convenio Interadministrativo e subscrito entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Covelo, para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2022, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no Marco do PDR de Galicia 2014-2020, **asinado en data 20/06/2022**, e sendo o obxecto do Convenio a participación e colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Covelo no desenvolvemento de accións combinadas de prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2022, tal e como se establece na cláusula primeira do mesmo.

As prazas ofertas, teñen as seguintes características:

Os contratos terán unha duración de 3 meses. A xornada laboral será a tempo completo, de luns a domingo, incluíndo festivos e festas locais, así como quendas de noite se foran necesarias, tendo os descansos que establece o texto refundido dos estatutos dos traballadores.

Os horarios serán fixados polo Servizo de Incendios da Xunta de Galicia – Distrito XVII de Ponteareas. O comezo da operatividade da brigada será entre os días 1 e 31 de xullo, por causas xustificadas poderá demorarse a data de inicio prevista anteriormente, neste caso o período previsto contarase a partir desa nova data, sen que o prazo máximo das actuacións a desenvolver e a súa xustificación superen o límite establecido no convenio.

A retribución mensual bruta, incluíndo a paga extra prorrateada e indemnización fin de contrato será (segundo o convenio colectivo de actividades forestais publicado no BOE do 11/07/2019):

- .- Capataz/ Xefe de Brigada: 1.389,64 €
- .- Peón Conductor (persoal especialista): 1.276,36 €
- .- Peón : 1.205,56 €

Se establece un período de proba dun mes a contar dende o inicio do período de contratación.

Concello de Covelo



Concello de Covelo

Os traballos a realizar consistirán en:

1. Realización de tarefas de extinción e defensa contra os incendios forestais, integrándose a brigada no dispositivo de emerxencias do Distrito Forestal XVII Pontearreas, priorizando a actuación da brigada na extinción de incendios forestais respecto doutros traballos. Así mesmo, cando concorran razóns extraordinarias de emerxencia, o órgano autonómico poderá decidir a mobilización destes medios fóra do seu termo municipal, conforme ao previsto no PLADIGA no que expresamente se prevé como se producirá a coordinación en tales supostos.

2. Realización de labores de prevención que consistirán na roza, rareo e eliminación de restos. Desenvolverase en vías e camiños forestais, áreas cortalumes ou nas súas faixas de xestión da biomasa de titularidade municipal ou en superficies sobre as cales a entidade local teña cesión de aproveitamento, uso e/ou desfrute realizada por parte das persoas responsables de acordo co artigo 21 ter da lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia ou superficies de propietario descoñecido, previa acreditación de dita condición. Todo elo cando non sexa posible a mecanización de ditos traballos.

O carácter temporal destas prazas, unido á necesidade de que a selección se faga dentro dos prazos sinalados pola Consellería do Medio Rural, fai que se aproben os seguintes criterios para a selección do persoal, que en todo caso garanten suficientemente os principios de igualdade, mérito e capacidade, de obrigado cumprimento.

Así, de conformidade co sinalado no artigo 21.1.g) da Lei 7/89, DISPOÑO:

1.- Aproba-las correspondentes ofertas de emprego das prazas antes mencionadas, e tendo en conta que só poderán optar a elas os candidatos que previamente remita ó Concello o Servizo Galego de Emprego.

2.- Aproba-los seguintes criterios e procedemento ós que se axustará a selección dos postos de traballo mencionados.

BASE PRIMEIRA. REQUISITOS: De conformidade co establecido no artigo 56 do Real Decreto 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, as persoas interesadas en tomar parte nesta contratación, deberán reunilos seguintes requisitos:

1º Ser español/a ou cidadá de calquera dos Estados Membros da Comunidade Europea.

2º Estar en posesión da titulación mínima de: Certificado de escolaridade ou equivalente.

3º Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.



Concello de Covelo

4º Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera administración pública, nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

Requisitos específicos para cada posto:

Para a praza de **Xefe de Brigada**:

- Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións: Enxeñeiro de Montes, Enxeñeiro Técnico Forestal, Técnico Superior en Xestión e Organización de Recursos Naturais e Paisaxísticos, Técnico en Traballos Forestais e Conservación do Medio Natural ou Formación profesional equivalente.

- Carné de conducir B en vigor.

Para a praza de **Peón Conductor**:

- Graduado escolar, certificado de escolaridade, 1º ciclo de ESO, ou equivalente, ou outras titulacións de categoría superior ás mencionadas.

- Carné de conducir B en vigor.

Para dúas prazas de **Peón de Brigada**:

- Graduado escolar, certificado de escolaridade, 1º ciclo de ESO, ou equivalente, ou outras titulacións de categoría superior ás mencionadas.

*BASE SEGUNDA: A selección efectuarase mediante oferta ao Servizo de Emprego na Oficina de A Cañiza, quen proporá os/as candidatos/as que seleccionará o Concello conforme os criterios establecidos nestas Bases e os criterios establecidos pola Consellería de Medio Rural, segundo *Convenio Interadministrativo e III Addenda suscrito entre Consellería do Medio Rural e a entidade local de Covelo, para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2022.**

Tal como se especifica na base quinta do convenio **“Debido á especificidade dos traballos a realizar, priorizaranse os candidatos que teñan experiencia nas tarefas de extinción de incendios forestais, esta experiencia,** e tal como se establece no apartado quinto da cláusula sexta do Convenio, o Concello comprométese a *realizar, previamente a contratación do persoal encargado do manexo e actuación do VMB un recoñecemento médico e unha proba física para garantir as condicións de saúde para o traballo a realizar. A entidade local será responsable de que só se incorporen os brigadas que superen o recoñecemento médico e as probas de esforzo segundo a recomendación técnica que figura na páxina web do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico sobre procedementos de selección de persoal para a extinción de incendios.*

Concello de Covelo

Concello de Covelo

As presentes bases estarán expostas ao público no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web do Concello de Covelo (<http://www.concellodecovelo.es>) e na súa sede electrónica: <https://covelo.sedelectronica.es>, así como tódolos actos derivados desta contratación.

As solicitudes dos/as candidatos/as enviados polo Servizo de Emprego, formalizaranse nos modelos que se xuntan a estas bases e deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Covelo, de luns a venres: 09:00-14:00 h., tendo como data límite o día 30 de xuño de 2022 ás 14:00 horas. A data das probas de selección serán publicadas no taboleiros de anuncios municipal.

BASE TERCEIRA.- Na selección valoraranse os seguinte méritos:

A) Experiencia Laboral

.- Por cada mes traballado ó servizo da Administración Pública, en funcións relacionadas co posto a desenvolver (solo se valorará a experiencia en funcións relacionadas coa extinción de incendios): 0,20 puntos por mes traballado.

.- Por cada mes traballado en empresas privadas, en funcións relacionadas co posto a desenvolver: 0,05 puntos por mes traballado.

Non se computarán as fraccións de mes.

Puntuación máxima por experiencia laboral 4,00 puntos.

A experiencia acreditarase mediante, os correspondentes contratos laborais e certificado de vida laboral, ou outros documentos que acrediten debidamente este mérito.

B) Cursos relacionados co posto de traballo a desenvolver, expedidos pola Administración Pública:

.- Cursos, ata 20 horas: 0,05 por curso.

.- Cursos de 21 horas a 50 horas de duración: 0,10 puntos por curso.

.- Cursos de 51 a 100 horas de duración: 0,20 puntos por curso.

.- Cursos de 101 horas de duración en diante: 0,50 puntos por curso.

Non se computarán os cursos nos que non veña especificado o nº de horas nin a asistencia a xornadas.

Puntuación máxima por cursos: 1,50 puntos



Concello de Covelo

C) Coñecemento da lingua galega:

- .- Por estar en posesión do Celga 1: 0,15 puntos.
- .- Por estar en posesión do Celga 2: 0.20 puntos.
- .- Por estar en posesión do Celga 3 ou Curso de Iniciación a Lingua Galega: 0.30 puntos.
- .- Por estar en posesión do Celga 4 ou Curso de Perfeccionamento de Lingua Galega: 0.40 puntos.
- .- Celga 5 ou superiores: 0,50 puntos.

Puntuación máxima polo coñecemento da lingua galega: 0,50 puntos

Este mérito acreditarase mediante título ou certificado validado ou expedido pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia ou pola Escola Galega de Administración Pública ou por Centros Oficiais.

No caso de acreditar varios cursos terase en conta só o de maior puntuación.

D) Proba práctica:

Tódolos candidatos deberán realizar unha proba práctica cos membros da comisión de valoración, na que se realizarán tarefas relacionados coas funcións a desenvolver polos/as candidatos, valorándose de **0 a 4,00 puntos**.

En caso de empate seleccionárase a persoa que teña máis experiencia laboral en tarefas de extinción de incendios.

Tódolos méritos que se aleguen acreditaranse con copia autenticada dos títulos ou certificacións orixinais. Os/as traballadores/as seleccionados/as deberán compulsar tódolos documentos previamente a súa contratación.

BASE CUARTA.- A Comisión seleccionadora estará integrada polos seguintes membros:

Presidenta: María Jesús Rodríguez Freire, ou persoa en que o substitúa.
Vogais:

- María Macrina Rodríguez Prieto ou persoa en que a substitúa.
- Waldo Portela López ou persoas que o substitúa.

Secretario: Luis Carlos López Vázquez, ou persoa que o substitúa.

Concello de Covelo



Concello de Covelo

BASE QUINTA- Valorados tódolos méritos alegados polos aspirantes que reúnan as condicións esixidas, a Comisión formulará a correspondente proposta de designación a favor dos 4 candidatos que obtivesen a maior puntuación e superasen as probas de aptitude física.

Procederáse a efectuar ó nomeamento, asinando coas persoas seleccionadas o corresponde contrato laboral de carácter temporal.

En caso de baixas ou substitucións, procederáse o chamamento da seguinte persoa, por orde de puntuación, na lista resultante desta selección.

BASE SEXTA: Presentación de documentación complementaria.

Os aspirantes propostos presentarán no rexistro do Concello, no prazo máximo de 2 días hábiles contados desde a publicación do resultado do proceso selectivo no taboleiro de anuncios do concello a seguinte documentación:

- Tarxeta de desemprego.
- Tarxeta da Seguridade Social.
- Certificado orixinal da titularidade de conta bancaria.

BASE SÉTIMA. Sinatura de contrato.

Unha vez realizado o oportuno chamamento, os/as candidatos que acepten o posto deberán realizar un recoñecemento médico e unha proba de esforzo, debendo resultar aptos para proceder á sinatura do correspondente contrato.

Se durante a duración do contrato se producise unha baixa ou renuncia nalgunha das prazas ofertadas, procederáse ao chamamento do seguinte candidato admitido/a, por orde de puntuación, e que deberá pasar igualmente as probas de esforzo e recoñecemento médico para cubrir o posto vacante.

BASE OITAVA. Para o non previsto nestas Bases, rexerán como supletorias: a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia; Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Réxime Local; Real Decreto 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, e demais disposicións concordantes.

O mando e asino, na data e lugar da súa sinatura electrónica, que figura ao marxe deste documento

Alcalde-Presidente
Juan Pablo Castillo Amigo

Secretaría-Interventora
María Jesús Rodríguez Freire



Concello de Covelo

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DUNHA BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA DE INCENDIOS FORESTAIS 2022.

D/D^a _____, maior de idade, con DNI _____ e con domicilio a efectos de notificacións en _____ e número de teléfono _____.

Decatado/a da convocatoria para a cobertura de varias prazas para a composición dunha brigada de prevención e defensa de incendios forestais, segundo as correspondentes bases.

DECLARO, baixo a miña responsabilidade:

- 1º Coñecer e acatar o disposto nas Bases específicas polas que se rexe esta convocatoria.
- 2º Cumprir as condicións sinaladas na BASE PRIMEIRA “Requisitos” como de necesario cumprimento para a participación no procedemento selectivo, o cal acredito debidamente.

SOLICITO:

Tomar parte neste procedemento selectivo achegando, ao efecto, a seguinte documentación:

- Orixinal ou fotocopia cotexada do DNI e titulación precisa para a miña participación.
- Orixinal ou copia cotexada da documentación xustificativa de cada un dos méritos alegados.

Praza/s para a que opto (marcar cun valor número 1º, 2º, 3º) a praza de preferencia:

Xefe de Brigada _____

Peón Conductor _____

Peón _____

Concello de Covelo

Praza Mestre Cerviño, 2, Covelo. 36872 (Pontevedra). Tfno. 986 650 027. Fax: 986 650 131



Concello de Covelo

AUTORIZO:

Aos integrantes do Tribunal Seleccionador a realizar as indagacións que estimen oportunas para comprobar a veracidade dos argumentos expresados na documentación que achego para participar no procedemento.

A publicación dos meus datos persoais nos medios asignados a tal efectos.

Consonte o disposto na Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal vixente actualmente, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Covelo relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizados para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que iniciou con esta solicitude. En calquera momento poderá exercitar os dereitos de acceso, cancelación rectificación e oposición, comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

Covelo, _____ de _____ de 2022.

Asdo.: _____

